

NOTA DE PRENSA

4 PROXECTOS

Mónica Alonso

Rosendo Cid

Salvador e Juan Cidrás

Mar Vicente



1

10 abril – 12 setembro 2021

Salas de exposición da planta baixa

De martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00

Domingos, de 11.00 a 14.30

Comisariado: Miguel Fernández-Cid e Pilar Souto Soto

Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Coa colaboración de:

Sabadell
Fundación

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

PRESENTACIÓN

A peculiaridade dos seus espazos é un dos sinais de identidade do MARCO, en especial os da súa planta baixa, na que se percibe a súa formulación arquitectónica como panóptico: patios amplos con luz cenital, galerías de planta rectangular, e sala central cuberta con cúpula. Se os patios suxiren intervencións con carga escenográfica, as galerías permiten un planeamento máis tradicional; e o espazo central, o ollo do panóptico, posúe unha innegable carga poética, que fai que se perciba como unha sala autónoma.

Partindo desa singularidade, en **4 PROXECTOS** pedimos a catro artistas que dialogasen con eses espazos, respectándoos, facéndoos maleables, potenciando as súas calidades, transformándoos. Todos mostran obra recente, a maioría producida para esta ocasión. Ningún coñeceu ata os días de montaxe a intención dos seus compañeiros.

Como comisarios, os eliximos pola innegable calidade da súa obra, por atoparse nun momento de especial intensidade, e porque todos demostraron a súa habilidade á hora de intervir espazos e facerse con eles. Tras debater inicialmente as liñas xerais de cada proxecto, que encaixaron dun modo natural nos espazos dispoñibles, comisarios e institución convertéronse en mediadores para que as ideas dos artistas se plasmasen como imaxinaron.

Os artistas reunidos son galegos, naceron entre 1965 e 1979, déronse a coñecer moi novos e viaxaron e vivido en distintos países. **Mónica Alonso** (A Fonsagrada, Lugo, 1970) en *A maxia do colibrí. Seis casos desesperados*, mostra unha instalación na que a palabra, o relato, adquire un protagonismo esencial. Mestura tradición, un modo de narrar poético, austero, e un fondo confesional. En *As formas partilladas*, **Salvador Cidrás** (Vigo, 1968) e **Juan Cidrás** (Moaña, Pontevedra, 1965) traballan con materiais como a cerámica e o téxtil, aos que semellan dar a volta, buscando as sorpresas dun proceso de produción que os leva a resultados dunhas densas calidades plásticas. Cerámicas orgánicas, pinturas que valoran as texturas, a multiplicidade de focos, murais que se expanden.

Rosendo Cid (Ourense, 1974), en *Todo aquilo que sucede e con todo non é*, recorre aos materiais que habitan o seu estudio para formular unha serie de esculturas que funcionan co sentido e intensidade dos poemas breves, mentres noutras obras explora os xogos de sentido, a palabra e as preguntas referidas á memoria e á arte. En *Sombras e cor*, **Mar Vicente** (O Valadouro, Lugo, 1979) transforma os espazos a partir da luz, cor, medida, razón e ilusión óptica, conseguindo que o espectador estableza o sentido da súa experiencia. E todo con elementos mínimos, nada retóricos. Como o golpe de dados de Mallarmé: misterio e rigor, intensidade e emoción.

Miguel Fernández-Cid e Pilar Souto, comisarios

ROTONDA CENTRAL / PANÓPTICO

MÓNICA ALONSO

A maxia do colibrí. Seis casos desesperados, 2015-2020



Mónica Alonso. *A maxia do colibrí. Seis casos desesperados*, 2015-2020. Foto: cortesía da artista

3

Mónica Alonso centra a súa primeira mostra individual no MARCO nunha única peza, baixo o título *A maxia do colibrí. 6 casos desesperados*. Unha obra que naceu en 2015, durante a estada da artista en México, e que precisou de todo este tempo para madurar, escribirse e reescribirse. Nese ano Alonso presentou en México a obra *O colibrí vermello*, que está no xerme deste proxecto, vencellado coas historias e rituais máxicos asociados ao colibrí nas culturas precolombinas, e moi en liña co interese da artista sobre as relacións entre ciencia e superstición.

A maxia do colibrí reúne seis relatos de seis persoas angustiadas, con medos e obsesións comúns a outros seres humanos, a quen a través dunha médium se lles ofrece a posibilidade de curar os seus males (cada un deles asociado a unha cor) a través da morte dun colibrí. A obra está conformada pola reprodución dos colibrís como obxecto, xunto aos seis textos que relatan cada unha das historias. O conflito xurde á hora de matar a un ser vivo. E, finalmente, todo pacto ten un prezo.

ROTONDA CENTRAL / PANÓPTICO

Mónica Alonso

“Estamos ante as historias de seis persoas desesperadas por diferentes medos: medo ao fracaso como artista; medo á ansiedade; librarse da presenza da morte; medo á fealdade; recuperar o desexo de vivir; librarse da enfermidade do amor. Todas elas tentan curar os seus males coa ciencia pero acaban recorrendo á superstición –neste caso, á maxia do colibrí.

Todas teñen unha cousa en común: unha médium que escoita as súas historias e lles propón cazar un colibrí. A médium conecta co chamán en México, e este último co cazador.

As seis persoas desesperadas teñen que decidir se matan ou non o colibrí para curar o seu mal

A obra convida o espectador a que tome a súa propia decisión, ante a visualización de seis cadáveres embalsamados: o colibrí vermello (amor), o azul (ansiedade), o amarelo (fracaso), o branco (morte), o carne (fealdade), o negro (desexo de vivir). Os colibrís, malia seren paxaros mortos, manteñen a súa beleza, semellan ter sido retidos no mesmo instante da morte.

Con este traballo dou un paso máis na miña liña de creación. Gran parte da miña obra é confesional, chegando a traballar coas confesións doutras persoas. En *A maxia do colibrí*, a artista é a médium.”

Mónica Alonso




Mónica Alonso. *A maxia do colibrí. Seis casos desesperados*, 2015-2020 (detalle). Foto: cortesía MARCO/Janite

PATIO A3, GALERÍA A3, PERIMETRAL A3

ROSENDO CID

Todo aquilo que sucede e con todo non é



Rosendo Cid. *Todo aquilo que sucede e con todo non é* (detalle). Foto: cortesía do artista

Sobre o seu proxecto específico para o MARCO, sinala Rosendo Cid: “A partir do título albíscase a intención chave deste proxecto expositivo, desviándome do meramente descritivo para afondar no feito mesmo de todo acto creativo como mero *ocorrer*, como acontecemento, sendo consciente de todo aquilo que aconteza antes de que a peza estea completada pero que igualmente está implícito cando se finaliza.”

As pezas e montaxes de Rosendo Cid responden a esta idea, talvez abstracta, talvez poética, empregando –como na maioría dos seus traballos– materiais atopados ou desfeitos, algúns procedentes do seu propio taller. Atopamos pezas escultóricas, fotográficas, e algunhas próximas ao pictórico, así como outras nas que o texto é parte fundamental, según a súa noción de que a palabra é tan importante como a peza ou o obxecto en si mesmo.

A proposta de Rosendo Cid reúne, xunto a obras exclusivas para esta exposición, pezas rescatadas doutras coleccións que encaixan no título e na liña de traballo deste proxecto.

“A base e substancia deste proxecto céntranse na natureza mesma do feito creativo como mero acontecemento, atendendo a todo aquilo que dificilmente pode definirse con palabras –pois sucede nun terreo non gramatical– pero que intervén e inflúe na resolución de calquera peza artística, sexa esta da natureza que sexa. Un material entón *incerto* que non desaparece en ningún momento e que segue estando presente unha vez finalizado a obra, aínda que para entón existan máis pistas do lugar ao que se pretendeu ir.

O título do proxecto (*Todo aquilo que sucede e con todo non é*) refírese polo tanto a ese mero suceder ou a todo ese *material invisible*, formado por intencións, azares, coñecementos previos ou alleos, erros ou intuicións que emprega calquera artista e que non se disipan nin aínda cando ten lugar a contemplación posterior, unha vez finalizado todo o proceso. Un *material* que actúa polo tanto en calquera acto ou proceso creativo, en maior ou menor grao, e que nunca somos quen de delimitar ou de materializar de ningunha forma específica, pero que resulta imprescindible para asentar as nosas certezas ou conviccións ante o traballo creativo.

As pezas e montaxes nas salas responden e nótrense destas ideas, entre abstractas e poéticas, empregando, para algunhas montaxes, materiais atopados ou desbotados, a maioría deles do meu propio taller, pretendendo pezas que teñan en conta elementos do propio proceso, do azar e das circunstancias que van xurdindo, chegando polo tanto a resolucións que non estaban previstas de saída. Un proxecto, en definitiva, cuxo mapa non pode ser outro que o propio traxecto que tivo lugar ata a resolución e presentación final nas salas.”



Rosendo Cid. *Veinte años de esculturas*, 2020 (detalle). Foto: cortesía MARCO/Janite

PATIO A2, GALERÍA A2, PERIMETRAL A2

SALVADOR e JUAN CIDRÁS

As formas partilladas



Salvador e Juan Cidrás. *Sen título*, 2021. Da serie *As formas partilladas*. Foto: cortesía MARCO/Janite

7

Salvador Cidrás (Moaña, 1965) e Juan Cidrás (Vigo, 1968) forman, dende 2015, un colectivo artístico que investiga o medio cerámico e téxtil dende unha perspectiva escultórica e pictórica, respectivamente. “O noso traballo céntrase na forma e o concepto de ‘aberrante’, aquilo que se aparta do que se considera normal, natural ou correcto, en oposición ao que se aferra –a convención– ou o que é formal. As pezas establecen relacións entre elas, xa sexa a través da forma, a cor ou a súa instalación no espazo.”

O fío de lá é o medio que lles permite explorar a liña, a mancha e a cor, usando o tecido sen necesidade de imprimir nin superpoñer materia sobre el. As pezas téxtiles evidencian a unión, o ensamblado, e fan que as fibras adquiren formas xeométricas e volumes máis orgánicos. As pezas de cerámica exploran a súa natureza precaria e a manufactura vólvese inesperada tras a cocción. É precisamente esa calidade de transformación a que enriquece de matices o acto creativo. O proxecto para o MARCO incide nese carácter ‘aberrante’, implicando ao espectador e provocando percorridos e miradas cambiantes.

PATIO A2, GALERÍA A2, PERIMETRAL A2
Salvador e Juan Cidrás

“A construción dun medio é a construción dunha linguaxe propia, a partir do uso de diferentes materiais ou técnicas. No seu libro *Como nacen os obxectos?* Bruno Munari afirma que proxectar é doado cando se sabe como facelo. Todo resulta fácil cando sabemos como proceder para chegar á solución dalgún problema. Nun determinado momento o meu irmán e eu sentimos esa necesidade de ‘saber como facer’ con dous medios: a cerámica e o téxtil.

Así, o primeiro contacto xurdiu desde a aprendizaxe da técnica cerámica e téxtil pero pronto a exploración dos materiais derivou en procesos que buscaban facer as cousas desde as marxes, case un proceso de deconstrución do medio, e unha volta ao uso experimental dos materiais, onde a linguaxe escultórica e pictórica brindábnos dualidades expresivas: anverso/reverso, interior/exterior, cor/textura, o que se mostra/o que se esconde...

Cando o proceso íase enriquecendo, a palabra ‘aberrante’ fíxose un oco na nosa práctica artística. Interézanos o termo ‘aberrante’ como aquilo que se aparta do que se considera normal, natural ou correcto, en oposición ao que se aferra –a convención– ou é formal. Entendémolo como unha práctica que se move desde a convención e o costume cara aos seus límites, unha sorte de estrañamento das formas que dilúen o cotián en favor do ‘ambiguo’, o ‘estraño’ ou o ‘misterioso’.


Catherine de Zegher (2010) define el dibujo como una práctica cinestésica de tracción –atracción, extracción– que- ‘nace de un gesto externo que vincula los impulsos internos y los pensamientos con el otro a través del contacto de una superficie con líneas y gráficas repetidas’. En nuestro trabajo, algo similar ocurre; las piezas no ocultan el gesto y el proceso creativo surge de la implicación física con el material. Las piezas se manifiestan capaces de establecer relaciones entre ellas y mutar, ya sea a través de la forma, el color o su instalación en el espacio...”



Salvador e Juan Cidrás. *Sen título*, 2020-2021. Da serie *As formas partilladas*. Foto: cortesía MARCO/Janite

PATIO A2, GALERÍA A2, PERIMETRAL A2
Salvador e Juan Cidrás

“...O fio de la é o medio que nos permite explorar a liña, a mancha e a cor, usando o tecido sen necesidade de imprimir nin superpoñer materia sobre el. As pezas téxtiles evidencian a unión, o ensamblado, e fan que as fibras adquiren formas xeométricas; volumetrías que xeran marañas e sombras no soporte.



Salvador e Juan Cidrás. *Sen título*, 2020. Da serie *As formas partilladas*. Foto: Mateo Cidrás


As pezas de cerámica exploran a súa natureza precaria e a manufactura manual vólvese inesperada tras a cocción, ao non controlar que textura que cor ou que zona da peza sobrevive ou se transforma. É precisamente esa cualidade de transformación a que enriquece de matices o acto creativo. As pezas constrúense na necesidade de improvisar solucións –máis arxila, un reforzo interior, a transición da cor ...– á espera dos seguintes pasos que descubren o que se esconde, o inaccesible e incerto.”

Salvador Cidrás

PATIO A1, GALERÍA A1

MAR VICENTE

Sombras e cor



Mar Vicente. *Espacio Pitágoras*, 2021. Foto: Mario López

Mar Vicente (Lugo, 1979) propón un proxecto específico para os espazos do MARCO, en sintonía cun traballo que se caracteriza pola economía de elementos cromáticos e compositivos, e pola experimentación coa forma vencellada á transformación do soporte pictórico. O punto de partida é o cadrado, que a artista desenvolve cara a terceira dimensión. O cubo, como o seu volume máis directo, adopta actitudes non convencionais que, xunto á iluminación cambiante e o punto dende onde se observa, afectan á percepción dos volumes e dos espazos.


A mostra do MARCO inclúe, xunto á unha selección de obxectos escultóricos, dúas intervencións específicas nas que as ilusións ópticas e a teoría da cor se conxugan para dar lugar a novas versións do mesmo espazo, xerando distintas experiencias. O espectador é o elemento activo que orixina diversas escenas, e quen fai que a experiencia da obra se multiplique e prolongue indefinidamente.

“Na miña proposta para a exposición no MARCO de Vigo, a miña intención principal é que o espectador experimente diferentes estados de percepción do espazo e da cor.

No Patio A1 a sala está transformada, principalmente, por unha intervención mural que imita unha ‘arquitectura’. A esta composición xeométrica acompañaa unha serie de obxectos de parede correspondentes á serie ‘Pitágoras’, que comecei no ano 2017, onde as diferentes formas e volumes se modifican dependendo do punto de vista dende o que se observan. Trátase de construcións modulares tridimensionais que, xunto á iluminación natural deste espazo, fai que poidamos apreciar variadas facetas destes obxectos ao longo do día. Poderemos reler moitas veces as formas e atoparemos sempre distintas versións. O exercicio de cambiar a perspectiva, cambiar a mirada unidireccional, fai que vexamos as cousas de distintas maneiras.

‘A sombra é a raíña da cor’. Así titula Derek Jarman un capítulo do seu libro *Croma* (2017). Menciónoo porque describe concisamente unha dirección cara á que mudou o meu pensamento sobre a cor e, polo tanto, influencia o meu traballo, pero tamén porque enuncia a instalación que se presenta no espazo da Galería A1.

Nas instalacións *Cor-Sombra I* e *Cor-Sombra II* poderemos experimentar algunhas das moitas facetas que ten este equilibrio entre luz e escuridade. Aquí a cor revélase como sombra. Do mesmo xeito, a ubicación da orixe de luz é o que determina a forma da sombra, esa parcela ‘escura’ onde se orixina a cor complementaria a de fonte de luz.



Mar Vicente. *Color-sombra II*, 2021. Foto: Mario López

SOBRE OS ARTISTAS

Mónica Alonso

Mónica Alonso (A Fonsagrada, Lugo, 1970) estuda Belas Artes na Universidad de Salamanca e realiza o seu doutorado na Universidade de Vigo. En 1996 foi seleccionada na XII Muestra de Arte Joven do Instituto de la Juventud, Madrid. Inicia a súa traxectoria artística en 1997 cunha exposición na prestixiosa Sala Montcada da Fundación “La Caixa” de Barcelona. Destacan a exposición individual que o CGAC lle adica en 2002; o MAC Valdivia, Chile en 2004; a Fundación Caixa Galicia en 2004; o Museo de Lugo en 2011; La Quiñora México D. F. en 2015.

Participa en numerosas exposicións colectivas entre a que podemos destacar *Mulleres do Silencio*, MARCO de Vigo, 2016, un percorrido polas mulleres artistas galegas do último século e que a sitúa como un referente.

Recibe numerosas bolsas de creación artística e premios: Bolsa de Excelencia do Goberno Mexicano; Bolsa CAM de Arte Contemporáneo; Bolsa Academia de España en Roma; Bolsa YADDO N. Y.; Bolsa Endesa; Bolsa Unión FENOSA N. Y. As súas residencias artísticas en Capacete, Río de Xaneiro, La Quiñonera, México, Thownhouse Gallery, Cairo, fan que desenvolva o seu traballo en diferentes partes do mundo.

A súa multidisciplinabilidade a leva a realizar proxectos de colaboración: 8ª Mostra Internazionale di Architettura NEXT, La Biennale di Venezia, Pavillón Español; Terapia Habitación de Hospital, Hospital Clínico Universitario de Santiago, CGAC; Intervención cromática en Centro de Día en Maceda, Ourense. O seu interese pola arquitectura e a psicoloxía lévana a crear en 2012 a disciplina do Psicoespazo e as súas teorías. Na actualidade desenvolve o proxecto “Percepción espacial e cromática do ser humano” aplicado a diferentes culturas e grupos sociais.

<http://www.monicalonso.com>

Rosendo Cid

Artista e escritor, Rosendo Cid (Ourense, 1974) traballa varios medios como a fotografía, a colaxe, a escultura ou o debuxo, nos que en ocasións inclúe textos que completan ou son parte fundamental dos mesmos. Ten prologado diversos catálogos de arte e comisariado exposicións.

Expón regularmente desde o ano 2000. Das últimas mostras individuais podemos sinalar, *La duda es el único estado posible*, na galería Nordés (2018), e *Fe de erratas*, na fundación RAC (2017). Das colectivas destaca a súa participación na colectiva *Afluentes 94: Os anos circulares*, unha selección dos artistas galegos máis salientables dos anos noventa. Entre os seus últimos libros publicados destacan, entre outros, *365 maneras de estar en un hotel* (Tulipa Editora 2021), e *Los consejos no son un buen sitio para quedarse a vivir* (Papeles Mínimos 2018.) En canto a libros colectivos, figura en *El cántaro a la fuente. Aforistas españoles para el siglo XXI* (Apeadero de Aforistas e Thémata Editorial 2020). Recibiu o Primeiro premio CGAC de Investigación e Ensaio sobre Arte Contemporánea (2018), e o premio na convocatoria de comisariado para a Zona C, de Santiago de Compostela, coa mostra *Un cuarto propio*, con obras da artista Rosa Neutro (2017).

<http://rosendocid.com>

Salvador e Juan Cidrás

Salvador Cidrás (Vigo, 1968) e Juan Cidrás (Moaña, 1965) forman, dende 2015, un colectivo artístico que investiga o medio cerámico e téxtil dende unha perspectiva escultórica e pictórica, respectivamente.

As cerámicas están creadas a partir de pezas ensambladas, unindo planos con relevo. A superficie lisa do exterior e a textura esmaltada e brillante do interior fúndense para establecer novas relacións espaciais entre as aperturas e os volumes.

Nos téxtiles, investigan as posibilidades tridimensionais dos teares. Aproveitan a base flexible da urdimbre para desenvolver relacións espaciais entre a textura do tecido, o metal e o plano da parede.

Entre as exposicións de Salvador e Juan Cidrás como colectivo, destacan *Breaking Boundaries*, Claustro da Igrexa de San Simpliciano, Milán (2017); *Esgazados*, Galería Vilaseco, A Coruña (2018); Galería Salvatore Lanteri, Milán (2018); *Formabesta*, Sight Unseen Offsite, Hub Space, Nova York (2018); *New Realities*, Understanding Design, Sala XYZ, Barcelona (2018); Galería Casado Santapau, Madrid (2020). A partir do 13 de xuño o seu traballo poderase ver na exposición colectiva *Pés de barro*; Galería Municipal do Porto, Portugal (2021).

Mar Vicente

Mar Vicente (O Valadouro, Lugo, 1979) é licenciada en Belas Artes –especialidade de pintura– pola Universidade de Vigo no ano 2004.

En 2006 recibe a Bolsa á creación artística Feima-Fundación Laxeiro, onde, un ano despois, celébrase a súa primeira exposición individual destacada: *Reflexo de superficies*. A partir de entón expón regularmente de xeito individual e colectivo en España, en Austria –onde reside dende o ano 2008– en Alemaña, Hungría, Eslovaquia, Suíza, Francia, República Checa, Cuba e Colombia.

En 2011 é seleccionada para expoñer no Museum Fridericianum de Kassel, onde interviu nos espazos de Kasseler Kunstverein co título *Dimensionen der Malerei*. Cumpriría salientar outras intervencións realizadas pola artista como *Komposition I* no Museo Vasarely de Budapest ou *Columns II* no MARCO de Vigo, ambas realizadas durante o ano 2013, ou as mostras individuais *Light and Geometry* en Csikász Gallery (Veszprém-Hungría) ou *Zerwürfeln*, no Austrian Kulturforum de Bratislava, realizadas en 2016 e 2017 respectivamente.

A súa obra atópase en coleccións privadas, museos e institucións europeas.

No ano 2019 sae á luz a súa derradeira publicación, *Object and Painting*, editada por Ritter Verlag, que documenta o traballo da artista dende 2006 ata 2018.

www.marvicente.es

INFORMACIÓN XERAL / DOCUMENTACIÓN / ACTIVIDADES

Documentación

A Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO preparou un **dossier documental**, que reúne ligazóns a artigos e información complementaria sobre os artistas participantes, accesibles para consulta dende a web do MARCO www.marcovigo.com nos apartados Biblioteca/Novas e Exposicións/Actuais.

Programación para escolares

Para grupos de educación Infantil, Secundaria, Bacharelato, e outros centros de formación.

Colabora: Obra Social “la Caixa”

A partir do 27 de abril de 2021

Lugar: salas de exposición

Horario: de martes a venres de 11.00 a 13.30 / Previa cita nos tel. 986 113900 Ext. 100/ 986 113908

Obradoiros e outras actividades

Ademais das visitas e obradoiros para escolares, a área de Didáctica do MARCO organizará actividades relacionadas coa exposición dirixidas a grupos específicos.

Información e visitas guiadas

O persoal de salas está dispoñible para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

Todos os días ás 18.00

Visitas ‘á carta’ para grupos, previa cita nos tel. 986 113900 / 986 113904

Rutas interactivas a través da App Vigo

Ademais das visitas guiadas, o novo sistema de rutas interactivas a través da App Vigo permite aos visitantes acceder a todo tipo de contido sobre a exposición (vídeos, imaxes, información específica sobre as obras), sexa no propio espazo mediante os *beacons* ou dispositivos bluetooth situados en salas, ou en calquera outro lugar, seguindo a ruta dende a pantalla do móbil unha vez descargada a aplicación, ou dende o seu equipo a través da web do Concello de Vigo.

Catálogo da exposición

Con ocasión desta mostra, a Fundación MARCO publicará un catálogo con textos, análises e imaxes das obras en exposición.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 113908 / 113904 / 113900

comunicacion@marcovigo.com